

TRAMITACIÓN SEGURO DEPORTIVO PROGRAMA XOGADE

Tal e coma figura a circular número 04/2019 da Federación Galega de Balonmán, na presente tempada, o proceso de mutualización de deportistas en competición federada dentro do programa Xogade da Secretaría Xeral Para o Deporte realizase dende a propia federación, sendo necesario que antes da tramitación do seguro deportivo obrigatorio se realicen as xestións necesarias para a tramitación da licenza federativa, neste caso a través da plataforma MiSquad.

Despois de ver os problemas que poden xurdir con este proceso cando algún deportista se achega aos clubs a adestrar coa finalidade de probar se lle gusta a práctica do balonmán, a Federación Galega de Balonmán establece a seguinte medida:

Os xogadores/as poderán ser mutualizados enviando en primeiro lugar o excell modelo con todos os datos ao enderezo mutualidadexogade@fgbalonman.com, tal e coma reflícte a circular número 04/2019 da Federación Galega de Balonmán. Unha vez pasados 15 días dende a data de envío do email por parte do club, se o/a xogador/a non se atopa con todas a documentación en regra para a tramitación da licenza na plataforma MiSquad, tramitarase a baixa no Programa Xogade por parte da propia Federación, non sendo obrigatoria a comunicación desta media ao clube, o cal debe responsabilizarse de que se cumpran os prazos indicados.

IMPORTANTE: Esta medida afecta única e exclusivamente a estes casos excepcionais, non se aceptarán relacións extensas de xogadores/as para mutualizar antes da tramitación da súa licenza sen unha argumentación sólida.

Os cambios na tramitación da mutualidade do programa Xogade veñen dados dende a Secretaria Xeral do Deporte, non só para o balonmán, se non para todas as modalidades recollidas neste programa; A Federación Galega de Balonmán está na obriga de respetar este proceso aínda que amose certa flexibilidade nos tempos con medidas coma a que se establece nesta circular.

En Vigo a 21 de outubro de 2019

